Pola integración de todo o profesorado no grupo A1

A CIG-Ensino mantén o obxectivo histórico de que todo o profesorado debe formar parte dun **corpo único docente dentro do grupo funcionarial de maior grao (A1).** Os cambios recentes provocados pola LOMLOE e a Lei Orgánica de FP implican a integración do Profesorado Técnico de Formación Profesional (PTFP) no corpo de Profesorado de Ensino Secundario, do grupo A1, co requisito de ter unha titulación de grao ou unha diplomatura universitaria.

O profesorado do **corpo de mestres** conta na súa totalidade con algunha desas titulacións.

A demanda sindical dun **corpo único docente** ten agora máis sentido que nunca. **Non existe ningunha traba legal para poder promover a integración de todas as mestras e mestres no grupo A1**, ben sexa coa conformación dun único corpo coas correspondentes competencias docentes nas etapas educativas actuais ou coa integración do corpo de mestres no grupo A1 como paso intermedio.

O Ministerio comprometeuse a negociar un **Estatuto Docente** nesta lexislatura. Ese debe ser o marco legal para promover os cambios que demandamos.

É de xustiza recoñecer que, cunha titulación universitaria superior do mesmo nivel da que se aplicará paras outros corpos, se poida dar cumprida resposta a unha **demanda histórica de recoñecemento profesional do profesorado actualmente adscrito ao grupo A2.**

Polo anteriormente citado, o profesorado asinante **SOLICITA**

- **Que o Ministerio abra negociacións de forma inmediata cara a integración no grupo A1 de todo o profesorado actualmente vinculado ao grupo A2, no camiño dun corpo único docente.**

Apelidos	Nome	DI	Sinatura